



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Provisión por medio de concurso, destinado a funcionarios de carreira de calquera das Administracións Públicas, dun posto de traballo vacante de funcionario Administrativo-Xefe da Unidade Administrativa, Subgrupo C1.

Pola resolución da alcaldía de data 31-01-2019 aprobouse a convocatoria pública e as bases reguladoras do procedemento selectivo para a provisión mediante concurso dun posto de traballo vacante, incluído na Oferta Pública de Emprego deste concello para o ano 2018, a cal foi aprobada pola resolución da alcaldía de data 21-11-2018, publicada no BOP núm. 224 do 23-11-2018, denominado:

Clasificación	Denominación	Núm.
---------------	--------------	------

Vacantes

C- Subgrupo C1- Administrativo de Administración Xeral- Xefe Unidade Administrativa		
1		

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 25, do 5 de febreiro de 2019, publicouse a convocatoria e as súas bases reguladoras. Poderán participar os funcionarios de carreira ao servizo de calquera das Administracións Públicas que cumpran os requisitos esixidos.

No DOG núm. 30, do 12-02-2019, publicouse o anuncio da convocatoria. O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días naturais dende o seguinte hábil ao da publicación deste anuncio no DOG.

Durante o prazo hábil para a presentación de solicitudes foron presentadas as seguintes:

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	76406099F	886-04-03-2019

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitido ao non haber excluídos ao procedemento selectivo para a provisión do posto de traballo vacante "ADMINISTRATIVO-XEFE DA UNIDADE ADMINISTRATIVA, C1", consonte á base Quinta:

ADMITIDOS:

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO
EMILIO A. CAÍNZOS QUINTÁS	76406099F	886-04-03-2019

EXCLUÍDOS:

SOLICITANTE	DNI	REXISTRO
NINGÚN	-	-



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal a devandita lista definitiva de aspirantes admitidos.

Terceiro.- Nomear aos membros da comisión de valoración, funcionarios de carreira, que xulgarán o procedemento selectivo consonte ao establecido nas bases reguladoras e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP:

Presidente

Titular: D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso.

Suplente: D^a. Ana María Iglesias Gato, Interventora do Concello de Malpica de Bergantiños.

Vogais(3):

Titular: D. Francisco Javier Ulloa Arias, Interventor do Concello de As Pontes.

Suplente: D. Adrián Marquez Caramés, Secretario do Concello de Abegondo.

Titular: D^a. Cristina Varela García, Secretaria-Interventora do Concello de Xermade.

Suplente: D^a. María Silva Taboada, Interventora do Concello de Cospeito.

Titular: D^a. Elena Encinas Pena, Teoureira do Concello de Betanzos.

Suplente: D^a. Sandra María García Chenlo, Secretaria-Interventora do Concello de Teo.

Secretario:

Titular: D. Fernando Naya Abeleira, Administrativo do Concello de Ponteceso.

Suplente: D. José Manuel Ordóñez Barca, Administrativo do Concello de Ponteceso.

A actuación da comisión de valoración deberá axustarse ás Bases da convocatoria e estará facultada para resolver as cuestións que puidesen suscitarse no curso do proceso selectivo e para adoptar os acordos necesarios para a debida orde do mesmo en todo o non previsto nestas normas. A comisión de valoración resolverá, por maioría de votos dos membros presentes, todas as dúbidas que xurdan da aplicación das normas contidas nesta resolución e determinará a actuación procedente nos casos previstos. Os seus acordos só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A abstención e recusación dos membros da comisión de valoración, no seu caso, realizarase consonte ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Fixar a data de consitución da Comisión de Valoración para xulgar o procedemento selectivo e convocar aos seus membros e aos aspirantes admitidos no lugar, data e hora seguinte:

Lugar	Data	hora
Salón de Plenos do Concello de Ponteceso	22-03-2019	10.30

Quinto.- Dar conta desta resolución ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

concello@ponteceso.r



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido (FECHA: 07/03/2019 14:27:00) , Emilio Cainzos Quintás (FECHA: 07/03/2019 19:23:00)

Decreto Nº: 155/2019 - Fecha de decreto: 07/03/2019

versión imprimible

CVD: xEggnUgVR0DPxvKUFJku
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.